BE3/2-16-8	SOMOS UNIDOS POR EL CANCER	G27461414	10.527,00 €
BE3/2-16-27	ASPNAIS	G27018365	13.443,96 €
BE3/2-16-57	FEDERACIÓN DE AA.VV. DE LUGO "LUCUS AUGUSTI"	G27158575	19.885,92 €
BE3/2-16-58	ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN ISIDRO PIRINGALLA	G27169705	19.885,92 €
BE3/2-16-59	ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL, DEPORTIVA, RECREATIVA A RIANXEIRA	G27359165	19.885,92 €
BE3/2-16-60	ASOCIACIÓN VECIÑAL PUENTENUEVO REBORDAOS VERAL	G27241900	21.930,48 €
BE3/2-16-66	CLUB DEPORTIVO DEZ PORTAS	G27346436	12.000,00 €
BE3/2-16-69	ASOC. XESTIÓN AGROGANDEIRA GALEGA "XEAGRO"	G27465095	22.000,00 €

LISTAXE ENTIDADES BENEFICIARIAS E RESERVAS. LIÑA 2			
CÓDIGO	RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF	IMPORTE AXUDA
BE3/2-16-147	CLUB FELISA EQUINO MARCELLE	G27421502	12.148,80 €
BE3/2-16-116	FUNDACIÓN EU SON	G27222983	16.939,80 €

8. LISTAXES PERFILES. LIÑA 2

LISTAXE PERFILES. LIÑA 2				
CÓDIGO	LOCALIDADE	Nº PERFILES	DENOMINACION POSTO	TITULACIÓN
BE3/2-16-21	LUGO PROVINCIA	1	ASESORAMENTO TÉCNICO A EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS	ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA
BE3/2-16-39	FOLGOSO DO COUREL	1	TEC DE PROXECTOS	LICENCIADO/A NALGÚN DOS EIDOS ACTIVIDADE FUNDACIÓN
BE3/2-16-22	LUGO	1	ASESORAMENTO TÉCNICO A EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO AGRÍCOLA
BE3/2-16-10	SARRIA	1	PERSONAL DE MANTENIMENTO	CERTIFICADO ESCOLARIDADE
BE3/2-16-91	RIBADEO	2	1 COIDADOR DE PERSOAS DEPENDENTES E 1 PEÓN XARDINERÍA (MEDIA XORNADA)	TÉCNICO COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA OU CERTIFICADO PROFESIONALIDADE; SEN ESPECIFICAR
BE3/2-16-49	LUGO	1	XESTOR DE CONTIDOS DIXITAIS E IMAXE	ENXEÑEIRO INFORMÁTICO OU GRAO EN ADE
BE3/2-16-88	CERVANTES	1	ENXENEIRO TÉCNICO FORESTAL	ENXENEIRO TÉCNICO FORESTAL
BE3/2-16-3	RIBADEO	1	TÉCNICO ADMINISTRATIVO	FP ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
BE3/2-16-62	CASTROVERDE	1	TÉCNICO ASESOR	ENXEÑEIRO AGRÓNOMO
BE3/2-16-102	CHANTADA	1	COORDINADOR DE PROXECTOS TRANSMEDIA	LICENCIADO EN XORNALISMO, ESTUDOS DE POSTGRAO RELACIONADAS COAS ARTES E CULTURA DIXITAIS
BE3/2-16-79	LUGO	1	ADMINISTRATIVO	DIPLOMADO EN RELACIÓNS LABORAIS, GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS
BE3/2-16-73	LUGO	1	EDUCADOR/A SOCIAL	TITULACIÓN UNIVERSITARIA COMO EDUCADOR/A SOCIAL
BE3/2-16-18	LUGO PROVINCIA	1	TÉCNICO DE ASESORAMENTO CONTABLE E FISCAL	FP TÉCNICO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
BE3/2-16-54	LUGO	1	REPORTEIRO/A DA AXENCIA DE INFORMACIÓN	LICENCIADO EN PERIODISMO OU FILOLOXÍA INGLESA
BE3/2-16-138	BURELA	1	TÉCNICO SUPERIOR EN ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS	FP TÉCNICO SUPERIOR EN ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS
BE3/2-16-20	LUGO PROVINCIA	1	TÉCNICO EN SEGUROS AGRARIOS	LICENCIADO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS (ADE)
BE3/2-16-14	MONFORTE DE LEMOS	2	1 PROFESOR/A DE ACTIVIDADES ARTÍSTICO-MANUAIS E 1 MONITOR ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS (MEDIA XORNADA)	BACHARELATO CON CARTA DE ARTESÁ ACTIVIDADE DE MODISTA; CICLO SUPERIOR EN ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS
BE3/2-16-24	LUGO	1	TÉCNICO DE MEDIOAMBIENTE	GRAO EN CIENCIAS AMBIENTAIS OU FP EN EDUCACIÓN E CONTROL AMBIENTAL
BE3/2-16-115	O SAVIÑAO	1	LICENCIADO HISTORIA	LICENCIADO HISTORIA
BE3/2-16-26	CASTRO DE REI	1	AUXILIAR DE ENFERMERÍA	FP AUXILIAR DE ENFERMERÍA
BE3/2-16-85	OUTEIRO DE REI	1	RESPONSABLE DA ÁREA DE MANTENIMENTO DE PARQUE ZOOLOXICO	FP CICLO MEDIO
BE3/2-16-136	VILALBA	1	DIRECTOR TÉCNICO DEPORTIVO	LICENCIADO EN CIENCIAS DE ACTIVIDADES FÍSICAS DO DEPORTE, MASTER EN DEREITO DEPORTIVO, MASTER EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE, ADESTRADOR NACIONAL DE LOITAS OLIMPICAS
BE3/2-16-64	LUGO	1	COORDINADOR/A E ASESOR/A TÉCNICO LABORAL	DIPLOMADO/A EN EMPRESARIAIS
BE3/2-16-125	LUGO	1	TRABALLADOR/A SOCIAL	TITULADO/A UNIVERSITARIO/A
BE3/2-16-31	LUGO	1	ENXEÑEIRO TÉCNICO FORESTAL	ENXEÑEIRO TÉCNICO FORESTAL
BE3/2-16-35	LUGO	1	TRABALLADOR/A SOCIAL	DIPLOMATURA OU GRAO TRABALLADOR/A SOCIAL

9. LISTAXES EXCLUÍDOS. LIÑA 2

LISTAXE ENTIDADES EXCLUIDAS. LIÑA 2			
CÓDIGO	RAZON SOCIAL	NIF/CIF	MOTIVO
BE3/2-16-37	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS FONTE SACRA	G27475540	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-32	ASOC DE AXUDA A INTEGRACIÓN SOCIAL	G27482280	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-122	ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS ENFERMIDADES NEURODEXENERATIVAS	G27442482	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-120	CLUB ULTRALIGEROS TERRA CHA	G27466978	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO

LISTAXE ENTIDADES EXCLUIDAS. LIÑA 2			
CÓDIGO	RAZON SOCIAL	NIF/CIF	MOTIVO
BE3/2-16-1	SOCIEDAD CULTURAL E DEPORTIVA MILAGROSA	G27152131	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-25	ASOC. NAC. CRIADORES GAND RAZA RUBIA GALEGA - ACRUGA	G27007061	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-36	AMEIS	G27479740	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-45	COMUNIDAD BUEN PASTOR	R2700047J	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-76	ASOCIACIÓN PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN GITANA DE LUGO	G27017987	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-78	APSX SAGRADO CORAZÓN	G27118934	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-80	ADEGA	G15044811	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-84	ASOCIACIÓN CULTURAL XAQUEDRUM	G27336353	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-121	CLUB RULIÑA	G27433697	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-124	CLUBE QUICELA XIMNASIA RITMICA	G27385699	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-105	FUNDACIÓN DOS FERROCARILES DE GALICIA	G27267624	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-89	AGRUPACION CONSUMIDORES Y USUARIOS ASOCIADOS	G27287663	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-108	AUXILIA DELEGACION MONFORTE DE LEMOS	G08317059	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-23	FOGARES E APOIO Ó MENOR LAR	G32009607	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-75	ADSG ACIVO	G32360018	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-131	ASOCIACION DE OBRADOIROS	G27456078	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-43	REAL CLUB NÁUTICO DE RIBADEO	G27122514	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-112	CLUB BALONCESTO SARRIA	G27040955	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-123	ASOCIACION DEPORTIVA AIXA	G27398577	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-55	ASOC. COMERCIANTES E INDUSTRIAS	G27231364	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-107	MONTE VECINAL EN MANO COMÚN DE TRABADA	V27258995	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-16	FUNDACIÓN PARA A PROTECCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA VILABA - TERRA	G27244169	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-110	CLUB PIRAGUISMO VIVEIRO	G27210640	REQUIRIMENTO NON SUBSANADO
BE3/2-16-97	ASOCIACIÓN PENITENCIARFIA CONCEPCIÓN ARENAL	G27119809	FORA DE PRAZO
BE3/2-16-50	ASOCIACIÓN EDUCATIVO SOCIAL PUMUKY	G-27388412	FORA DE PRAZO
BE3/2-16-134	CLUB TAEKWONDO VILALBA JANSU	G27338672	FORA DE PRAZO
BE3/2-16-135	FEDERACION GALEGA DE LOITA E DA	V36651081	FORA DE PRAZO
BE3/2-16-137	INMACULADA NIÑA DE VIVEIRO	R7700032A	FORA DE PRAZO
BE3/2-16-94	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE ÁMBITO SOCIAL DE LUGO (FADAS LUGO)	G27436419	FORA DE PRAZO
BE3/2-16-95	ASOCIACIÓN PARKINSON LUGO	G27382027	FORA DE PRAZO
BE3/2-16-96	ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES E RETORNADOS RIOPLATENSES	G27368661	FORA DE PRAZO
BE3/2-16-98	HERMANAS TERCIARIAS FRANCISCANAS REBAÑO MARIA HOGAR M. ENCARNACIÓN	R7700021D	FORA DE PRAZO
BE3/2-16-99	ALIAD ULTREIA	G27021120	FORA DE PRAZO
BE3/2-16-140	ASOCIACION 3 MONOS	G27431899	FÓRA DE PRAZO
BE3/2-16-126	ASOCIACIÓN FALCATRUEIROS	G27029255	FORA DE PRAZO
BE3/2-16-129	FERNADO CILLERO LOPEZ	33305592M	FORA DE PRAZO
BE3/2-16-100	AGRUPACIÓN DE PRODUTORES/AS DE CARNE DE ALTA MONTAÑA	G27256494	EXCLUIDA MINIMIS

10. LISTAXES RENUNCIAS.

RENUNCIAS			
CÓDIGO	RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF	MOTIVO
BE3/A-16-253	MARIO LÓPEZ LÓPEZ	76580464D	RENUNCIA
BE3/A-16-122	SOLVER IMPERMEABILIZACIONES SL	B27482587	RENUNCIA
BE3/A-16-286	E.I. GLIEMMO, VILARIÑO Y PIZZO, S.L.	B27437698	RENUNCIA
BE3/A-16-13	CONSTRUCCIONES SIERRA A PONTENOVA S.L.U.	B27237452	RENUNCIA
BE3/A-16-64	ELENA FERNÁNDEZ PÉREZ	34252919P	RENUNCIA
BE3/A-16-460	XARDIGAL S.L.U.	B27476217	RENUNCIA
BE3/A-16-259	LOPEZ CASTRO SANTOS	33248711A	RENUNCIA

RENUNCIAS			
CÓDIGO	RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF	MOTIVO
BE3/A-16-94	AUTOIGLEMAR LUGO S.L.	B27338730	RENUNCIA
BE3/A-16-328	ROZAS CAMPOS CB	E27040526	RENUNCIA
BE3/A-16-314	MARTIN NEUMATICOS TALLER S.L	B27473685	RENUNCIA
BE3/A-16-143	AGRONOVO ECOLOXÍA	B27301092	RENUNCIA
BE3/A-16-436	CASONA DE LABRADA S.L.	B27432772	RENUNCIA

As axudas establecidas nesta convocatoria quedan sometidas ao réxime de “minimis” nos termos establecidos no Regulamento (UE) número 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de “minimis”. Polo tanto, a axuda total de “minimis” concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante o período dos dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal actual da empresa solicitante, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada.

Así mesmo para o caso de sociedades civís e comunidades de bens, se fai constar na presente resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como a porcentaxe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, nomearon no momento da solicitude unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación.

Ás anteriores entidades beneficiarias, lles será de aplicación, no seu caso, a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en canto se refire á publicidade activa das axudas percibidas.

A presente resolución pon fin a vía administrativa e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso - administrativo, no prazo de DOUS MESES, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Con carácter previo ao anterior, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición, ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición. Todo isto sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que se estime conveniente.

Lugo, 18 de xaneiro de 2017.- O Deputado da Área, Álvaro Santos Ramos

BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL PARA

“PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DA PROVINCIA DE LUGO-“BEN EMPREGADO III”, FASE II. Antecedentes

A Deputación de Lugo puxo en marcha o Proxecto “Programa do fomento do emprego da provincia de Lugo” co fin de estimular a xeración de novos postos de traballo e reforzar as pemes e autónomos, eixo esencial da economía local.

A Administración Local, en concreto os municipios teñen competencias específicas para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiración dos veciños (artigo 25 LBRL). Cabe citar a sentenza 00051/2015, do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 relativa á competencia provincial en materia de fomento de emprego que recolle que “(...) o artigo 36.1 LBRL ten outro sentido, porque establece as competencias propias da Deputación, entre as que está a de fomento. En puridade, tal e como recoñece a doutrina (vid. Por todos Sánchez Morón), mais que unha competencia é unha cláusula aberta, equivalente ao

artigo 25.1 no eido das corporacións locais, e que debe entenderse no sentido positivo de habilitar a competencia para iniciativas materiais cuxa acción pública non menoscabe as competencias doutras administracións nin interfiran no seu exercicio. No caso de autos, a iniciativa de fomento encádrase no emprego, e mais xeralmente, como logo se xustificará, no estímulo da actividade económica e actuación social. De forma que realmente é portadora de varios principios adicionais en que se ampara e que son tutelables pola administración provincial.

Dende a Deputación, consciente das dificultades que teñen as empresas para atopar apoio financeiro e persoal de calidade para manter a actividade empresarial dentro de parámetros de competitividade, propuxo o mencionado plan para que estas poidan contar con novos recursos humanos, emprender novos camiños e remontar a crise económica que estamos a vivir.

Por outro lado, os cidadáns da provincia de Lugo están atopando serias dificultades para integrarse no mercado de traballo.

Atendendo a estas dúas necesidades, xurdiu o proxecto que desembarca na segunda fase, na que unha vez vistas as necesidades das entidades beneficiarias da provincia de Lugo xurde un listado de perfís de traballadores necesarios. A Deputación deseña estas bases para emparellar de xeito correcto a oferta e a demanda e, así, eliminar custos e tempo na realización de procesos selectivos ás entidades beneficiarias e asegurar un produtivo engrenaxe.

Por último, resulta un feito constatado que o crecemento equilibrado do emprego en todos os sectores adoita vir determinado polo incremento dos recursos dispoñibles e as oportunidades asociadas a estes recursos nun territorio. Por todo isto, este proxecto configúrase como precursor de investimentos que sexan fonte de riqueza e xeradora de emprego estable a través de garantir unhas condicións de traballo dignas, de acordo ás necesidades reais e evitando a contratación en precario que se vén practicando estes últimos anos e non favorece á mellora da crise.

En exercicios anteriores, esta Deputación levou a cabo actividades de fomento da empregabilidade, como a formación para desempregados ou o *Programa temporal de fomento do emprego e posta en valor do territorio* dirixidos os concellos da provincia de Lugo de menos de 5.000 habitantes, pero este programa é máis ambicioso xa que contempla actuacións que combinando o reforzo ó sector produtivo e a mellora da empregabilidade, así coma a inserción no ámbito laboral dos traballadores desempregados da provincia de Lugo, fomentando contratos que melloren a situación dentro do mercado de traballo nun intento de frear os datos de paro e estabilizar o dereito a un salario digno que aborde os gastos mínimos dunha vida cotiá.

Esta convocatoria do PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DA PROVINCIA DE LUGO--- BEN EMPREGADO III,FASE II ORDEARASE polas seguintes:

BASES PARA A SELECCIÓN DOS DESEMPREGADOS DO PROGRAMA DA PROVINCIA DE LUGO-- BEN EMPREGADO III

BASE 1. OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria ten como finalidade articular as condicións polas que se rexerá a fase II do "Programa Fomento do Emprego da Provincia de Lugo" e ordear a súa convocatoria pública para a selección dos perfís requiridos polas empresas subvencionadas na fase I, cuxas bases para a selección das mesmas foron aprobadas en Xunta de Goberno en data 16 de setembro de 2016 e corrección de erros na Xunta de Goberno do 23 de setembro de 2016, publicado no BOP do 4 de outubro de 2016 N° 229.

A finalidade do plan é seleccionar aos candidatos desempregados solicitados polas entidades para acadar un dos obxectivos do programa, que é a incorporación ó mercado de traballo de desempregados de acordo á resolución da fase I e dotar ás entidades beneficiarias de capital humano cualificado para xerar un crecemento da economía, a través desta convocatoria pública que rexerá as condicións para a selección dos candidatos desempregados na provincia de Lugo.

Para a correcta execución do programa de fomento de emprego da provincia establécense 2 liñas de subvención.

Liña 1: dirixida a pequenas empresas e microempresas (segundo a definición recollida na Recomendación 2003/361 da U.E), calquera que sexa a súa forma xurídica, empresarios individuais e profesionais, comunidades de bens e sociedades civís e nos seguintes supostos de contratación:

- 1.a.: Contratación de desempregados
- 1.b.: Contratación de desempregados de difícil inclusión laboral

Liña 2: dirixida a entidades sen ánimo de lucro tales como: asociacións, federacións, fundacións, e similares.

LIÑA	COLECTIVO DE CONTRATACIÓN
1.a.	Desempregados
1.b.	Desempregados de difícil inclusión laboral
2	Desempregados

BASE 2. BENEFICIARIOS

Para poder ser beneficiario destas bases estableceranse uns requisitos xenéricos para todos os postos , que serán os seguintes.

- a. Desempregados da provincia de Lugo maiores de 16 anos.
- b. Empadroados en calquera municipio da provincia de Lugo e/ou inscritos na correspondente oficina de emprego. Quedan excluídos os que se atopen en Situación de Mellora de Emprego.
- c. Titulación requirida para o posto de traballo solicitado.

En ningún caso poderán ser beneficiarias aquelas persoas que tivesen algún tipo de relación contractual coa empresa solicitante nos últimos seis meses, a tal fin establece a obriga de aportar vida laboral actualizada ou declaración responsable no caso de contratos mercantís.

Os postos ofertados da liña 1b están exclusivamente destinados a persoas pertencentes a colectivos de difícil inclusión laboral, (etnia xitana, ex-reclusos, ex- drogodependentes, vítimas de violencia de xénero, ou aquelas que posúan algunha característica social, sensorial, psicolóxica ou física que lles dificulte o acceso ao mercado laboral) durante o proceso da entrevista deberán entregar algún documento probatorio de tal situación como: sentenza xudicial, certificado de discapacidade, certificado de entidade acreditativo de pertenza a algún colectivo ou certificado da situación....).

En caso de dúbida por parte da comisión de valoración encargada do proceso de entrevista poderá solicitarse documentación complementaria.

Ademais cada posto de traballo establecerá os requisitos específicos, que quedarán reflectidos no anexo I (onde se detalla o posto e a titulación requirida) destas bases.

Debe terse en conta que acadar a puntuación máis alta nas entrevistas non implica asegurar o posto de traballo na empresa beneficiaria, xa que o traballador debe pasar

o período de proba establecido no convenio colectivo de aplicación ou no seu defecto no estatuto de traballadores, nos termos previstos nas súas cláusulas.

BASE 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para poder ser traballador nas empresas seleccionadas como beneficiarias das axudas reguladas nesta convocatoria deberá presentarse unha solicitude axustada aos modelos normalizados que figuran como anexos destas Bases e que se porán a disposición dos interesados na páxina web institucional da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal).

A solicitude (Anexo I) poderá presentarse na oficina do Rexistro Xeral da Deputación de Lugo (Rúa san Marcos, 8--- 27001 Lugo) ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A Deputación Provincial de Lugo non ten en funcionamento o rexistro electrónico establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de modo que resulta de aplicación a Disposición derogatoria única, letra G, e a disposición final sétima da Lei 39/2015 e poderá terse en conta o artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro (LRX-PAC).

Para tal efecto, e co fin de determinar a data de presentación, deberá figurar no modelo oficial de solicitude o selo de entrada da oficina de rexistro correspondente.

Non se admitirá máis dunha solicitude por candidato, optando como máximo a dous perfiles, segundo o modelo normalizado. No caso de resultar elixido en dous perfiles optará de forma automática polo posto aprobado en Xunta de Goberno en primeiro lugar, no caso de ser na mesma remesa comunicarse co traballador dende a unidade de emprego para que poida elixir o mais favorable para o traballador.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles (10) contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP). Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

BASE 4. DOCUMENTACIÓN

4.1 Xunto co formulario de solicitude (Anexo I) deberá anexarse en papel a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da Tarxeta de demanda de emprego, no caso de desempleado inscrito como demandante de emprego na provincia de Lugo ou certificado de empadramento
- Currículo Vitae actualizado
- Vida laboral, actualizada a data da solicitude.
- Anexo II – Declaracións responsables do solicitante
- Anexo III – Documento de aceptación de consentimento de que os datos se ceden a técnicos de apoio para o servizo de intermediación para uso exclusivo do servizo de intermediación.

Se do exame do expediente, segundo o procedemento establecido no artigo seguinte, se comprobase que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, requirirase ao solicitante a través da páxina web, para que, nun prazo de 3 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, se

considerará que desistiu da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 desta lei.

4.2 De acordo ao artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, as notificacións os participantes no proceso selectivo realizaranse a través do taboleiro de anuncios e da páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal.

BASE 5. COMUNICACIÓN DE INTERESADOS

Todas as comunicacións realizadas os interesados realizarase de conformidade co establecido no artigo 41 da 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas os actos e comunicacións relativas ao programa do fomento do emprego da provincia de Lugo que procedan en virtude do procedemento administrativo, faranse públicas no Taboleiro de Anuncios da Deputación e na páxina www.deputacionlugo.org, producindo a publicación os mesmos efectos que a notificación. Decaendo os seus dereitos unha vez finalizados tales prazos.

BASE 6. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DOS TRABALLADORES DESEMPREGADOS

O procedemento de selección dos desempregados beneficiarios será o seguinte. Unha vez resolta a selección das entidades beneficiarias (Fase I), mediante Acordo da Xunta de Goberno e á vista dos perfís subvencionados, publicarase no BOP, páxina web e o taboleiro de anuncios da Deputación Provincial o Anexo I correspondente ao listado de postos de traballo que se ofertan así coma a localidade de onde se atopan situados.

Os desempregados interesados deben anotarse aos postos concretos onde desexen ser valorados (só dous códigos por solicitude). Ademais, debe presentar no rexistro da Deputación Provincial de Lugo os anexos de solicitude, xunto coa documentación requirida na base 4.

Revisados os expedientes e completados para a valoración das solicitudes, remitiranse

á Comisión de Valoración que estará composta por tres empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo e mais o Secretario Xeral da Corporación ou funcionario en quen delegue ou substitúa. Este último asistirá en calidade de secretario, con voz pero sen voto.

A Comisión de valoración poderá dividirse en subcomisións, estas poderán estar asistidas por expertos na materia para proceder a súa avaliación e informe.

Este programa por contar cunha liña experimental 1B, con un marcado carácter social, a cal destinase unicamente a aquelas persoas desempregadas da provincia de Lugo que pertencen a colectivos de difícil inclusión laboral (etnia xitana, sexan ex-reclusos, ex-drogodependentes, vítimas de violencia de xénero, ou aquelas que posúan algunha característica social, sensorial, psicolóxica ou física que lles dificulte o acceso ao mercado laboral) cun amplo espectro de situacións persoais, co fin de conxugar a oferta coa demanda real da provincia. En prol de acadar a maior empregabilidade posible, a comisión de valoración estará asistida polos técnicos de COGAMI, para o caso de persoas con discapacidade e técnicos de FADAS para calquera outro colectivo de vulnerabilidade, entidades encargadas de xestionar o servizo de intermediación e que darán apoio profesional na valoración dos candidatos no proceso de entrevistas.

Unha vez realizada a valoración dacordo os criterios establecidos na Base 7, publicarase na páxina web e taboleiro de anuncios a relación definitiva de traballadores asignados as empresas, (Anexo II). Contra dita resolución poderá interpoñer os recursos procedentes.

Neste senso o traballador asignarase á empresa tendo en conta a súa solicitude e o perfil requirido. O resto de persoas solicitantes quedarán en lista de reserva para o caso de que algún traballador non supere o período de proba ou para casos que poidan xurdir tales como baixas de longa duración, baixas de maternidade,...

Durante o período de proba os traballadores só poderán ser rexeitados en circunstancias excepcionais, debidamente motivadas e xustificadas documentalmente pola empresa, requiríndose autorización previa a Deputación Provincial de Lugo para tal circunstancia. Só no caso de ser autorizado pola Deputación Provincial, cederá os datos do seguinte candidato.

Rematado este proceso de asignación dos traballadores ás entidades beneficiarias, terán que realizar a contratación dos mesmos mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude de axuda, nos cinco días seguintes a notificación.

Para o caso daqueles postos de traballo que queden desiertos, en canto a candidatos, por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo utilizará un mecanismo máis áxil para a localización dos mesmos, a través da creación dunha Bolsa de emprego. O funcionamento será do seguinte xeito: publicidade dos postos na web institucional, inscrición na mesma a través de formulario (5 días hábiles), fase de entrevistas e aprobación de candidatos por Acordo de Xunta de Goberno.

A concesión e gozo destas axudas non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Deputación de Lugo.

BASE 7. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

A Comisión de Valoración prevista na base anterior, valorará as solicitudes presentadas conforme criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

A efectos de fixar os criterios de valoración, efectuarase unha entrevista curricular tendo en conta o CV, que deben aportar para a valoración da mesma.

No apartado de valoración da entrevista curricular terase en conta os seguintes criterios:

- Adecuación ao posto de traballo: 4.
- Actitude/aptitude do candidato: 4.
- Dispoñibilidade: 2

Total máximo de puntuación obtida na suma de tódolos ítems será de 10 puntos.

Na valoración dos candidatos da liña 1 b , formaran parte da Comisión de valoración con voz pero sen voto un técnico da entidade de COGAMI e outro de FADAS.

BASE 8. RESOLUCIÓN

O órgano instrutor elevará á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa aprobación, o informe da comisión de valoración, listaxe por perfil (Anexo II), no cal se asignarán a cada entidade os traballadores (desempregados solicitantes) acorde ao perfil de traballo asignado na resolución da fase I. O resto de persoas solicitantes quedarán en lista de reserva para o caso de que algún traballador non supere o período de proba ou para casos que poidan xurdir tales como baixas de longa duración, baixas de maternidade, sempre que o período de contratación subvencionable non exceda do 30 de agosto de 2018.

Rematado este proceso de asignación dos traballadores ás entidades beneficiarias, terán que realizar a contratación dos mesmos mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude, previa entrega por parte dos desempregados seleccionados da documentación declarada, nun prazo de 3 días hábiles, no rexistro da Deputación provincial , sendo a documentación a entregar a seguinte.

- Contrato de traballo ou certificado de empresa de prestación de servizo, ou nómina de igual categoría ao posto solicitado, a efectos de acreditar a experiencia do posto ou categoría solicitado.
- Título académico esixido.
- Orixinal ou copia cotexada dos méritos presentados na solicitude.

Sen prexuízo do anterior, en calquera momento se poderá instar aos beneficiarios solicitantes para que cubran calquera outro requisito ou trámite omitido, de acordo co previsto no artigo 73 da 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, concedéndose a tal efecto dez días hábiles a partir da notificación, con expreso apercibimento de que, de non facelo así, se poderá declarar decaída no seu dereito.

En calquera momento, a comisión da avaliación poderalles requirir ós solicitantes beneficiarios a documentación complementaria para verificar os datos que figuran na súa solicitude.

A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude como en calquera outro momento do proceso, poderá comportar a exclusión de participar no proceso.

BASE 9. ACEPTACIÓN/ RENUNCIA/ O POSTO COMO TRABALLADOR SELECCIONADO EN EMPRESAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os desempregados beneficiarios disporán dun prazo de cinco días, dende a publicación do Anexo II, para a

súa renuncia, nos termos establecidos no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IV. No caso de que os beneficiarios non comuniquen a renuncia no prazo establecido, entenderase que o proceso é aceptado.

BASE 10. DEREITOS E OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS CONTRATADOS

- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Cumprimento das funcións e obrigas do posto asinado.
- Respectar o código ético e de conduta da empresa ou entidade asinada, no exercicio das facultades directivas do empregador.
- Cumprimento das obrigas da lexislación vixente.
- Non ter ningunha relación contractual ca empresa para a que é seleccionado nos últimos seis meses (excepto no caso de ofertas relacionadas con entidades beneficiarias da liña 2).
- Non ter ningunha relación de parentesco ou consanguinidade ca empresa (persoa física ou xurídica) ou coa entidade. Non ter vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo , con calquera dos interesados , cos administradores de entidades ou sociedades interesadas.

- Non formar parte dos órganos de decisión ou xestión da entidade (xuntas directivas, direccións xerais,...).
- Cumprimento das obrigas indicadas polo servizo de intermediación.

BASE 11. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

As entidades beneficiarias deberán cumprir, principalmente, as seguintes obrigas:

- Aceptar aos traballadores asignados pola Deputación e mantelos no seu cadro de persoal ás persoas traballadoras durante o período de 12 meses de duración do contrato subvencionado. O rexeitamento do traballador debe ser de acordo o establecido na base VI.
- Non ter ningunha relación de parentesco ou consanguinidade co desempleado. Non ter vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas.
- O candidato non poderá ter vinculación algunha de cargo ou representatividade coa entidade.
- Contratar aos candidatos outorgados mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude do programa, nos cinco días seguintes á comunicación da resolución da fase II.
- Cumprir co pago periódico das nóminas do traballador dentro dos 10 días seguintes o vencemento do mes anterior.
- Facilitarlle os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Non estar incurso en ningunha das causas establecidas no Artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Non ter ningunha relación contractual co desempleado seleccionado nos últimos seis meses (excepto no caso de ofertas relacionadas con entidades beneficiarias da liña 2).
- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente durante a execución do traballo, así como a lexislación de datos de carácter persoal e satisfacer as obrigas económicas de carácter salarial e tributario en prazo ordinario, independentemente do momento do pago da subvención.
- Entregar á Deputación de Lugo toda a documentación requirida nas presentes bases relativa ao desempleado contratado.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do plan.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación de Lugo.
- Comunicar calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada.
- Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Para o caso das empresas beneficiarias da liña 1b, en caso de excedente de cantidade asinada ata tope máximo (22.000, 20.000, 18.000) para custes de seguridade social e salario, poderá xustificar a diferenza para adaptación do posto de traballo, no caso de así establecelo na memoria solicitada.
- Asumir os custos non subvencionables, esenciais para a contratación do traballador.
- Dilixenciar os xustificantes de gastos (nóminas) co texto "Subvencionado pola Deputación Provincial de Lugo".

BASE 12. PAGAMENTO

O pago de cotas de seguridade social e salario dos desempregados seleccionados correrá a cargo da entidades beneficiarias da fase I. A Deputación está exenta deste cumprimento, a súa función será o control documental destas obrigas.

BASE 13. CAUSAS EXCEPCIONAIS

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, por causas alleas a entidade beneficiaria, a Deputación seleccionará un traballador de existir o perfil requirido dentro da lista de reserva de traballadores. Para o caso de non existir semellanza de perfil, a entidade poderá renunciar á parte de subvención non aplicada e devolvela voluntariamente segundo a base 20.

Para o caso de que sexa preciso a substitución do traballador, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, a Deputación valorará individualmente cada unha delas, previa solicitude da entidade beneficiaria. Comunicará a súa resolución, sen que en ningún caso supoña incremento da cantidade subvencionada.

No suposto concreto de permiso por maternidade, paternidade, adopción ou acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactancia natural, a entidade beneficiaria poderá optar pola substitución do

traballador ou traballadora subvencionado, por outro de semellante perfil dentro da lista de reserva, sen que en ningún caso supoña incremento da cantidade subvencionada, é dicir, que a efectos da

xustificación final só se poderá imputar o custe dun só traballador dentro do mesmo período.

BASE 14. INFRACCIÓNS

Causas de extinción do dereito ao gozo, modificación da resolución de concesión, ou reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ó previsto na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de todo orde puideran derivarse.

- O non cumprimento do obxecto da subvención.
- A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental.
- O incumprimento do pago do salario do/a traballador/a subvencionado de forma reiterada (3 meses) dará lugar a perda inmediata da subvención (salvo no caso de que exista acordo entre as partes, o cal deberá constar por escrito para seren entregado na xustificación final da subvención).
- O incumprimento do mantemento do cadro de persoal durante a vixencia do programa, salvo causa xustificada, que, en caso de existir deberá ser comunicada de inmediato (excepto no caso de entidades sen ánimo de lucro).
- Calquera outra non prevista na numeración anterior e cause algún incumprimento da normativa vixente.

BASE 15. RÉXIME DE RECURSOS

A resolución de concesión ou denegación dos actos administrativos derivados dos procesos de selección poderán ser reclamados de acordo o previsto na da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro , de réxime xurídico do sector público.

BASE 16. PROTECCIÓN DE DATOS

A Deputación de Lugo velará polos datos de carácter persoal incorporados a este procedemento administrativo e haberá que aterse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros agás de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será, estritamente, a xestión e tramitación do expediente correspondente.

BASE 17. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nesta bases estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro , de réxime xurídico do sector público.
- Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión

ANEXO I – MODELO DE SOLICITUDE

PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DA PROVINCIA DE LUGO. FASE II

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
DNI	TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓBIL	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIONES	MUNICIPIO E PROVINCIA	CODIGO POSTAL	
CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DO/S EMPREGO/S QUE SOLICITO, atendendo ó seguinte orde de preferencia:

1º	DENOMINACIÓN	
	CÓDIGO	
2º	DENOMINACIÓN	
	CÓDIGO	

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos para o posto que solicito segundo as bases xerais e específicas do programa Ben Empregado:

- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.
- Estar en situación de desemprego.
- Estar censado nun municipio da provincia de Lugo.
- Estar en posesión do título/capacitación esixido no/s posto/s que solicito.
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.

SOLICITO:

Ser admitido para participar no proceso de selección

(sinatura)

....., ade de 2017

CONTINUACIÓN ANEXO I

Documentación que adxunto:

- Fotocopia DNI.
- Fotocopia Tarxeta de demanda de desemprego, no caso de desempregado inscrito como demandante de emprego na provincia de Lugo ou certificado de empadramento
- Currículo Vitae actualizado.
- Vida laboral.
- Anexo II - Declaracións responsables do solicitante.
- Anexo III - Documento de aceptación de consentimento de que os datos se ceden a técnicos de apoio para o servizo de intermediación, para uso exclusivo do servizo de intermediación.

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLES DO SOLICITANTE

D./D.^a..... con NIF.....

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

Declaración responsable de que os datos incluídos no CV axústanse a realidade de acordo co anexo II presentado.

Non ter ningunha relación contractual, nos últimos seis meses, coa empresa beneficiaria do programa Ben Empregado III, na cal solicito participar no proceso de selección.

Non ter ningunha relación de parentesco ou consanguinidade ca empresa (persoa física ou xurídica). Non ter vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas. Para o caso de Entidades sen ánimo de Lucro non formar parte dos órganos de decisión ou xestión da entidade (xuntas directivas, direccións xerais,...).

....., ade de 2017

(Sinatura)

ANEXO III**DECLARACIÓN DE CONSENTIMIENTO SERVICIO INTERMEDIACIÓN**

D./D.^a con NIF..... na miña condición de
desempregado.

Acepto que os datos se cedan aos técnicos de apoio para o servizo de intermediación.

....., ade de 2017

(Sinatura do desempregado)

ANEXO IV**DECLARACIÓN DE RENUNCIA AO POSTO**

D./D.^a con NIF..... na miña condición de
desempregado.

RENUNCIO AO POSTO OUTORGADO

....., ade de 2017

(Sinatura do desempregado)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO*Anuncio***LICITACIÓN**

Aprobado polo Pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o día 29 de novembro de 2016, os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo "Gayoso Castro"

ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Nº de expediente: EXP0028GSP16-ABO.
- d) Domicilio: San Marcos 8.
- e) Localidade e código postal: Lugo 27001.
- f) Teléfono: 982260066/982260095.
- g) Correo electrónico: contratacion@deputacionlugo.org.
- h) Dirección de Internet de perfil de contratante: <http://www.deputacionlugo.org/>.

1. OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Tipo: Xestión de Servizos Públicos
- b) Descrición: Contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo "Gayoso Castro"
- c) Prazo de duración: 15 anos
- d) Admisión de prórroga: Sí.
- e) CPV: 77500000. Servizos de cría de gando.

2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto e selección da oferta economicamente máis vantaxosa.
- c) Criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (ver cláusula trixésima do prego de cláusulas administrativas):
 - i. Canon (máximo 40 puntos)
 - ii. Redución das tarifas abonadas polos usuarios (máximo 35 puntos)
- d) Criterios de adxudicación non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (ver cláusula trixésima do prego de cláusulas administrativas):
 - i. Proxecto de explotación (máximo 12,5 puntos)
 - ii. Participación dos gandeiros no proxecto (máximo 12,5 puntos)

3. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN:

- a) Importe neto: 600.000,00 euros. Importe total: 600.000,00 euros.

4. GARANTÍAS ESIXIDAS

- a) Provisional: Non se esixe.
- b) Definitiva: 5%.

5. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA:

- a) Os esixidos na cláusula trixésima terceira do prego de cláusulas administrativas.
- b) Condicións especiais de execución: as recollidas na cláusula 23.3.do prego de cláusulas administrativas.

6. PRESENTACIÓN DE OFERTAS:

- a) Prazo: Ata o día 20 de febreiro de 2017.

- b) Modalidade de presentación: Persoalmente, no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxeiría ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC) dentro do prazo sinalado; de conformidade coa disposición derogatoria única, letra g), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, en relación coa disposición final sétima e o artigo 16.4 da Lei 39/2015. No caso de envío por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da LRXPAC, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición.
- c) Lugar de presentación:
- i. Dependencia: Rexistro da Excm. Deputación provincial de Lugo en horario de 09:00 a 14:00 de luns a sábado.
 - ii. Domicilio: San Marcos nº 8
 - iii. Localidade e código postal: Lugo, 27001.
 - iv. Fax: 982260186
 - i. Dúvidas: As dúvidas que formulen os/as interesados sobre o prego de cláusulas administrativas e/ou prescricións técnicas, deberán ser remitidas á dirección de correo electrónico contratacion@deputacionlugo.org. Só se resolverán as dúvidas formuladas ata o día 25 de xaneiro de 2017.
7. **ADMISIÓN DE VARIANTES:** Non
8. **GASTOS DE PUBLICIDADE:** Serán asumidos polo adxudicatario da licitación.

En Lugo, a 13 de xaneiro de 2017. O PRESIDENTE. P.D. Decreto nº 1357/2016, de 01-07 2016. O VICEPRESIDENTE. Álvaro Santos Ramos

R. 0134

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 30 de decembro de 2016, apróbase o Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básica e Lei de Dependencia correspondente ao mes de AGOSTO de 2016; o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Abadín, a 12 de xaneiro de 2017.- O Alcalde, José María López Rancaño

R. 0140

BARALLA

Anuncio

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (3 PEÓNS) DO CONCELLO DE BARALLA, AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO “PROGRAMA DEPUEMPREGO”.

PRIMEIRA.-OBXECTO

1.1. Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de **TRES (3) PEÓNS para ser contratados como persoal laboral temporal, a xornada completa**, ao abeiro do Programa Depuemprego, de conformidade co convenio asinado entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Baralla(data 23 de setembro de 2016), para dar cumprimento ás competencias dos servizos municipais mínimos ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo.

Esta colaboración materializarase a través da achega económica por parte da Deputación Provincial de Lugo do 100% dos custes salariais e da Seguridade Social dos traballadores contratados.

As tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, encadraranse en servizos públicos esenciais para acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, roteiros e obras de reparación en xeral. Servizos todos eles prestados directamente por este Concello e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade sen esquecer que o propio fomento do emprego e desenvolvemento local é por si só un servizo público esencial que de xeito urxente e inaprazable debe ser abordado habida conta da porcentaxe de desempregados que vai en aumento neste Concello.

Os contratos de traballo terán un duración determinada con como data límite o 22 de setembro de 2017.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no Convenio suscrito entre este concello e a Excm. Deputación provincial de Lugo o 23 de setembro de 2016 (DEPUEMPREGO,) e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o concurso-oposición

1.4. A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla, así como na páxina web da Excm Deputación Provincial de Lugo e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SEGUNDA-TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será a xornada completa, de duración determinada (co data límite o 22 de setembro de 2017), na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

TERCEIRA-FUNCIÓNS

Traballo urxentes e inaprazables a desenvolver en relación ás obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, tales como:

- Acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais.
- Limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, roteiros.
- Obras de reparación en xeral.

CUARTA- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes :

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) **Habilitación:** non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) **Titulación:** Non se exige estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.

f) Estar en posesión do carnet de conducir.

QUINTA - SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo I ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Baralla, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residencia.

b) Declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que figura nestas bases como Anexo I.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

c) Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos que os/as aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos, segundo establecio na base oitaba.

d) Certificación, de ser o caso, expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que é demandante de emprego e o tempo que leva nesta situación.

e) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.

f) De ser o caso, as persoas que aleguen ser vítima de violencia de xénero:

A efectos destas bases, enténdese por mulleres en situación de violencia de xénero todas aquelas que cesasen a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

- Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.

- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos devanditos indicios.

- Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

- Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

5.2 As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do concello de Baralla.

Poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os aspirantes que non presenten as solicitudes no rexistro do concello, deberán comunicalo por fax ou outro medio no mesmo día da súa presentación.

SEXTA - ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as.

Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Os erros de feito poderán enmendarse en calquera momento de oficio ou a petición do interesado.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización das probas de oposición e a composición do Tribunal Cualificador.

A resolución será publicada no taboleiro de anuncios do concello.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

SETIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal e terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: o/a da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre ambos os dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

OITAVA. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Consistirá en dúas fases:

8.1) FASE DE OPOSICIÓN

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO II, durante un período de 30 minutos.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala.

O aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

8.2) CONCURSO :

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a proba da fase de oposición. A puntuación máxima total do concurso establécese en (7) sete puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan en cada un deles:

a) Experiencia profesional. Máximo tres (3) puntos.

- 0,25 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a en postos iguais ou similares ao servizo dunha Administración local.
- 0,15 puntos por cada mes traballado como laboral ou funcionario/a en postos iguais ou similares de calquera outra Administración territorial ou institucional. A mesma porcentaxe utilizarase cando a prestación de servizos se realice en sociedades públicas ou fundacións de capital maioritariamente público, xa dependan da Administración central, xa da autonómica ou local. Aplicaranse, polo demais, as equiparacións previstas no parágrafo primeiro.
- 0,12 puntos por cada mes traballado en postos iguais ou similares na empresa privada.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa. No caso de que a redución de xornada se produza debido os supostos de conciliación de vida familiar e laboral recollidos na Lei de Función Pública de Galicia e no Estatuto dos traballadores o tempo traballado a tempo parcial computarse como se fose a xornada completa, a documentación xustificativa desta circunstancia deberá presentarse no momento de presentar a instancia.

Os citados servizos, tanto na Administración pública como a favor de entidades privadas, referiranse en todo caso ás funcións desempeñadas nun posto de traballo de categoría e funcións iguais ou similares ás das prazas convocadas.

A puntuación máxima por experiencia profesional non poderá superar os tres puntos.

Os méritos alegados polos aspirantes acreditaranse do seguinte xeito:

- Os servizos prestados nas Administracións Públicas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, ou fotocopia compulsada da mesma, que acredite a relación laboral e ou funcional do/a aspirante.
- Os servizos prestados en empresas privadas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e os documentos orixinais ou copias compulsadas dos contratos acreditativos da relación laboral do/a aspirante.

En todo caso dos citados documentos deberá desprenderse as funcións e tarefas realizadas.

b) Colectivos con dificultades de integración laboral. Máximo dos con cinco (2,5) puntos.

De acordo co establecido no convenio asinado coa Deputación, primarase favorecer aos colectivos con dificultades de integración laboral tales como:

- Mulleres: 0,50 puntos.
- Maiores de 45 anos: 0,50 puntos.
- Parados de longa duración: 0,50 puntos. Considerarase parado de longa duración estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses.
- Persoas con discapacidade: 0,50 puntos.
- Persoas vítimas de violencia de xénero: 0,50 puntos.

A forma de acreditar esas situacións farase segundo o establecido no punto 5 destas bases.

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

c) Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Máximo un con cinco (1,5) puntos.

Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou homologados por unha Administración Pública:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.

- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola entidade pública que o impartiu e/ou financiou, acreditativo da súa realización.

Os servizos prestados e cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

NOVENA. DESENVOLVEMENTO DA PROBA

O primeiro exercicio realizarase no prazo máximo de 20 días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, ao comezo do primeiro exercicio, no taboleiro de anuncios o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e no lugar onde se realizou o exercicio.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carné de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non comparecesen.

Os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

DÉCIMA. RELACIÓN DE APROBADOS.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na fase de oposición.

De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no primeiro, segundo e terceiro apartado, sucesivamente, da fase do concurso. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requirir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración do plan “Depuemprego”.

DÉCIMO-PRIMEIRA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as candidatos propostos para ser contratados deberán achegar no prazo de seis (6) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter una antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias, acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non

poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso procederase a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

DÉCIMO-SEGUNDA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e formalizaranse os contratos de traballo de duración determinada a xornada completa, sendo en todo caso a data de remate o 22 de setembro de 2017

DÉCIMO - TERCEIRA. IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados e interesadas nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

ANEXO II.-TEMARIO

Tema 1

Concello de Baralla. Encadre territorial e poboación.

Tema 2

Uso e mantemento de desbrozadoras.

Tema 3

Sinalización vial en traballos de roza de cunetas.

ANEXO I I a).-MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE TRES (3) POSTOS DE TRABAJO DE PEÓNS DO CONCELLO DE BARALLA, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

D/a.....provisto/a de
 D.N.I. nº..... con enderezo na R/.....
 nº.....piso.....C.Postal.....Localidade.....
 Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Baralla para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de 3 peóns.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Baralla para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- o DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- o Permiso de conducir en vigor tipo B.
- o Relación dos méritos que alego para a súa valoración, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na base 8ª:

....., de.....de 2016

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE BARALLA para o exercicio das funcións e competencias atribuídas ó CONCELLO DE BARALLA na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Rúa Evaristo Correa Calderón 48, 27680, Baralla (Lugo).

En Baralla, a 10 dexaneiro de 2016.- O Alcalde, Don Manuel Jesús González Capón

R. 0081

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 4 de xaneiro de 2017, aprobou a CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA NO CENTRO DE CONVIVENCIA DE FINGOI, NA RÚA AVIACIÓN ESPAÑOLA, DE LUGO. EXPEDIENTE 52-2016.

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora:

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

c) **Obtención de documentación e información:**

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
6. **Correo electrónico:** contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) **Número de expediente:** 52-2016

2.- Obxecto do contrato:

a) **Tipo de contrato:** Administrativo especial

b) **Descrición:** A explotación do servizo de cafetería sita no Centro de Convivencia de Fingoi, na rúa Aviación Española desta cidade de Lugo.

c) **División por lotes:** Non.

d) **Lugar de execución:** Concello de Lugo.

e) **Prazo de duración:** O prazo máximo de duración do contrato é de DOUS ANOS contados a partir da acta de inicio da explotación.

f) **Admisión de prórroga:** Finalizado o prazo anterior poderase prorrogar mediante acordo expreso das partes por períodos máximos anuais ata un máximo de CATRO ANOS en total, incluídas as prórrogas.

g) **Establecemento de acordo marco:** NON

h) **CPV:** 64110-64320 55000000-0 Servizos de hostalería e restaurante

3.- Tramitación e procedemento:

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedemento:** aberto

c) **Criterios de adxudicación:** O único criterio de adxudicación é o incremento do canon a pagar polo/a adxudicatario/a (ata 10 puntos).

4.- Valor estimado do contrato: O canon ten a consideración de ingreso.

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade):

Un mínimo de 150 euros mensuais (1.800 euros anuais), resultando finalmente o canon ofertado á alza polo/a adxudicatario/a na súa oferta económica.

6.- Garantías:

a) **Provisional:** Non procede

b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Solvencia:** A sinalada na **cláusula sexta** do prego de cláusulas administrativas

b) **Clasificación:** Non

c) **Outros requisitos:** Non

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Modalidade de presentación:** Formato papel.

c) **Lugar de presentación:**

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.

2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002

d) **Admisión de variantes:**NON

e) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta:** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data e hora:** Ó segundo día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións, ás 13:30 horas, agás modificación publicada con antelación no Perfil do Contratante.

10.- Gastos dos anuncios: 77,35 euros que serán por conta do/a adxudicatario/a.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas nas cláusulas sétima, décimo quinta e décimo sétima configuradas como obrigas contractuais esenciais.

Lugo, 13 de xaneiro de 2017.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 0141

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 04 de xaneiro de de 2016, aprobou á CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DUN SERVIZO DE COCIÑA, COMEDOR E LAVANDERÍA PARA AS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS "SERRA DE OUTES" (LOTE 1) E " GREGORIO SANZ" DO CONCELLO DE LUGO (LOTE 2). DECLARACION DE DESERTO DO PROCEDIMENTO, APROBACION DE NOVOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. (EXP. REF 10-2016)

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

c) **Obtención de documentación e información:**

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002

4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

5. **Telefax:** (982) 29-72-59.

6. **Correo electrónico:** contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) Número de expediente: 10-2016

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: servizos

b) Descrición: prestación dun servizo de cociña, comedor e lavandería nas escolas infantís municipais Serra de Outes (Lote 1) e Gregorio Sanz, (Lote 2) segundo as prescricións técnicas elaboradas pola pedagoga municipal de Educación do Concello.

c) División por lotes: Si

LOTE 1. Servizo de cociña, comedor e lavandería na Escola

Serra de Outes.

LOTE 2. Servizo de cociña, comedor e lavandería na Escola

Gregorio Sanz.

d) Lugar de execución/entrega: Concello de Lugo

- Escola Gregorio Sanz

Rúa Vila Verde núm 23

27002 LUGO

- Escola Serra de Outes

Rúa Serra de Outes s/n

27004 LUGO

e) Prazo de duración/ Prazo de execución:

A duración dos contratos será de DOUS ANOS contado a partires da data da sinatura da acta de inicio a cal asinarase no prazo máximo de quince días hábiles dende a formalización do contrato..

f) Admisión de prórroga: Si. Os contratos poderá ser obxecto de prórroga por períodos máximos anuais por mutuo acordo das partes sen que a duración total incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

g) Establecemento de acordo marco: Non

h) CPV : 55321000-3 Servizos de comidas para escolas

3.- Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinario

b) Procedemento: aberto

c) Criterios de adjudicación: Ver cláusula décimo segunda dos pregos de cláusulas administrativas.

4.- Valor estimado do contrato: 416.219,84 euros.

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

- **LOTE 1 Servizo de cociña, comedor e lavandería na Escola Serra de Outes:** 54.161,59 € máis o 10% IVE - 5.416,16 resultando un total de **59.577,75 euros (IVE incluído).**

LOTE 2 Servizo de cociña, comedor e lavandería na Escola Gregorio Sanz: 49.893,37 € máis o 10% IVE - 4.989,34- resultando un total de **54.882,71 euros (IVE incluído).**

6.- Garantías:

a) Provisional: NON procede

b) Definitiva: 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Solvencia: A sinalada na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas

b) Clasificación: Non

c) Outros requisitos: Non

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Modalidade de presentación:** formato papel.

c) **Lugar de presentación:**

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002

d) **Admisión de variantes:**NON

e) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data e hora:** O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións ás 13:30 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: 95,29 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas nas cláusulas décimo quinta e décimo sétima configuradas como obrigas contractuais esenciais.

Lugo, 13 e xaneiro de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 0142

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía do 12 de xaneiro de 2017, prestouse aprobación inicial ós seguintes Padróns, correspondentes ó 4º Trimestre de 2016:

- Padrón Taxa por abastecemento de auga e I.V.E. sobre o seu consumo.
- Padrón Taxa de sumidoiros.
- Padrón Taxa recollida de lixo.
- Canon da auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas antes indicadas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulasen reclamacións contra os mesmos.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 24.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario para os Padróns citados, o comprendido entre os días **12/01/2017** e **12/03/2017**, ambos inclusive. Para o cobro dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina o devengo do recargo de apremio, xuros de demora e custos que se produzan, de acordo co establecido nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión

do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, a 12 de xaneiro de 2017.- O ALCALDE, Jesús Manuel Núñez Díaz

R. 0143

OUTEIRO DE REI

Anuncio

LICITACIÓN

1. Organismo. Ayuntamiento de Outeiro de Rei

- a. Dependencia que tramita el expediente: Secretaría
- b. Domicilio. Plaza do Concello S/N.
- c. Localidad y código postal. Outeiro de Rei. CP 27150
- d. Teléfono. 982.393281.
- e. Dirección de Internet del perfil del contratante: <http://www.outeiroderei.org>.

Las publicaciones sucesivas de los actos relativos a la tramitación del contrato se llevarán a cabo en el perfil de contratante del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.

Los pliegos de condiciones administrativas particulares y de condiciones técnicas se encuentran publicadas en el perfil de contratante.

2. Objeto del Contrato:

- a. Tipo: contrato administrativo de servicios sujeto a regulación armonizada

Descripción: Es objeto del presente contrato la prestación del servicio de ayuda en el hogar en el término municipal de Outeiro de Rei

Lugar de ejecución: Término municipal de Outeiro de Rei. CP 27150

- b. Plazo de ejecución: 24 meses
- c. Admisión de prórroga: 24 meses
- d. CPV
85312000-9 Servicios de asistencia social sin alojamiento
85312400-3 Servicios de bienestar social no prestados por instituciones residenciales.

3. Tramitación y procedimiento:

- a. Tramitación: ordinaria
- b. Procedimiento: abierto
- c. Criterios de adjudicación:

Para la valoración de las propuestas de los licitantes se tendrán en cuenta los siguientes criterios objetivos:

Proyecto de calidad: de 0 a 45 puntos.

4. Valor del contrato:

- a. Importe neto 1.300.000 euros más IVA

5. Garantías exigidas. Definitiva 5% del importe anual del contrato

6. Fecha envío al DOUE: 12/01/2017

7. Presentación de ofertas o de solicitudes de participación:

- a. Fecha límite de presentación: 28/02/2017
- b. Modalidad de presentación: en sobre cerrado. c. Lugar de presentación:

1. Dependencia: Registro General del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.

2. Domicilio: Plaza do Concello S/N.

3. Localidad y código postal. Outeiro de Rei. CP 27150

En Outeiro de Rei, a 12 de enero de 2017.- El Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0144

A PONTENOVA

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía número 2017 - 0009, de data 11 de xaneiro de 2017, o Sr. Alcalde D. Darío Campos Conde, delegaba no Segundo Tenente de Alcalde D. Don Francisco Martínez Bermúdez, con DNI.: 76.566.746-E, por motivos persoais, o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía: recoller un equipo de excarceración para o GES de A Pontenova.

Dado na Pontenova, a once de xaneiro de 2017, data dos seus efectos ao día seguinte, sen prexuízo da súa publicación no BOP de Lugo e taboleiro de anuncios do concello.-

O Alcalde, Darío Campos Conde

R. 0145
